



Resolución do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar polo que se adía a celebración das probas para a obtención dos títulos que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia para a convocatoria de maio provocado pola situación de estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, no que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19

A Xunta de Galicia establece na Resolución do 12 de marzo de 2020 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se lle da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020, polo que se aproba o Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus COVID-19 e na Resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19

O Real Decreto Real Decreto 492/2020, de 24 de abril, prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo no que declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67 do 14.03.2020), ata o 10 de maio de 2020. A prórroga establecida neste real decreto estenderase dende as 00:00 horas do día 26 de abril de 2020 ata as 00:00 horas do día 10 de maio de 2020, someterase as mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e as súas modificacións.

Tendo en conta que a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto realizar os exames ordinarios teóricos e prácticos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas na Comunidade Autónoma de Galicia no mes de maio, e que en ditas probas poden concorrer un numero importante de aspirantes, moitos se desprazan dende diversas poboacións da Comunidade Autónoma de Galicia e doutras Comunidades Autónomas, esta Dirección Xeral no uso das funcións atribuídas no Decreto 168/2015 de 15 de novembro, ACORDA o seguinte:





Primeiro:- Suspender a realización das probas para os días 11, 12, 13, 14 e 15 de maio de 2020, que se indican na Resolución do 3 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames ordinarios teóricos e prácticos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. núm. 30, do 13 de febreiro).

Segundo:- As persoas interesadas que presentaran a solicitude para participar na convocatoria indicada no punto primeiro poderán participar nalgunha das seguintes convocatorias que se realice durante o ano 2020.

Terceiro:- As persoas interesadas que non queiran participar en ningunha das convocatorias que se realicen no ano 2020 poderán solicitar a devolución da correspondente taxa.

Cuarto:- A presente resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(Sinatura electrónica)

